# Troba

**Antón Patiño**

*Antón Patiño visitou Meiro por primeira vez en marzo de 2004. Quería coñecer a aldea e as actividades que naquel intre se desenvolvían con motivo do VI Encontro Degustación do Millo Corvo.*

*Compartiu con nós tanto os apuros previos como a ledicia da celebración da festa.*

*Tamén quixo que deleitasemos o padal coa elaboración dun prato feito con fariña de millo corvo que nos cociñou para a cea da véspera, tentando que nos dera enerxías para afrontar o "gran día".*

*Podemos asegurar que pasou uns momentos moi emotivos lembrando a súa nenez co millo preto, de gran negro ou "tardón", como el dicía. Incluso poderíase dicir que semellaba un neno entusiasmado coa idea de poder levar millo corvo e sementalo noutros lugares.*

*Deixou en nós un sentimento de amizade e admiración. Nos alentou para seguir adiante. Sentimos a súa presencia, seguro que aló onde está seguirá con nós.*

*Na lembranza de Antón Patiño Regueira e na súa memoria queremos publicar esta troba que nos dedicou.*



A Meiro

"Terra do Millo Corvo"

Meiro das vivendas en sucalcos
Solaina con longal ollar o mar
escalonada de grandeiro AMOR!
Dende unha terraza...
¡Ollo-te Meiro é, no meu interior
choro con gozoso dón!
¡Solainas... terrazas...!
de encantadas lendas
que preños da natureza son!
¡Cada vivenda, un sol
cada solaina, unha ilusión
cada familia, un tesor!
¡Ai! Meiro do Millo Corvo!
¡que, o TARDÓN o fixo seu!
¡é, o Señor choróu de AMOR!
Meiro dos sucalcos solainos
fondal de lembranzas
¡e de traballos en vecindade!

Trola: Antón Patiño Regueira
Meiro Festa do Millo Corvo 2.004.